

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

A AGADIC ENTRA EN DOUS PROGRAMAS EUROPEOS DE DIFUSIÓN DE DANZA E CIRCO FINANCIADOS CON MÁIS DE DOUS MILLÓNS E MEDIO DE EUROS

O CENTRO COREOGRÁFICO PARTICIPARÁ DAS ACCIÓNS DA REDE DÉPARTS E O CENTRO DRAMÁTICO PROMOVERÁ EN GALICIA O PROXECTO JEUNES TALENTS CIRQUE EUROPE

UN TOTAL DE 15 ENTIDADES DE 10 PAÍSES COMPARTEN O DESENVOLVEMENTO DE AMBAS INICIATIVAS QUE SE INSIREN NO PROGRAMA CULTURA 2007-2013

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) participa en dous proxectos internacionais de promoción da danza e do circo -a rede DÉPARTS e a iniciativa Jeunes Talents Cirque Europe- financiados cun total de 2.625.043 euros a través do Programa Cultura 2007-2013 da Comisión Europea. O Centro Coreográfico Galego (CCG) e o Centro Dramático Galego (CDG) son, respectivamente, as unidades encargadas de xestionar a colaboración da nosa Comunidade en ambas iniciativas transfronteirizas.

SUMARIO

- [1-6] AGADIC
 - [4] > Centro Coreográfico Galego
 - [5-6] > Centro Dramático Galego
 - [6] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [7-8] ALERTAS
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9] E_SCENA EN CIFRAS

continúa na páx. seguinte



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

A AGADIC ENTRA EN DOUS PROGRAMAS EUROPEOS DE DIFUSIÓN DE DANZA E CIRCO FINANCIADOS CON MÁIS DE DOUS MILLÓNS E MEDIO DE EUROS

.....
vén da páx. anterior

O CCG é un dos 12 centros asociados á Rede Europea para a Promoción da Danza DÉPARTS, proxecto liderado pola escola belga PARTS (Performing Arts Research and Training Studios) que conta cunha achega de 2.425.043 euros por parte da Comisión Europea para o seu desenvolvemento en cinco anos. O obxectivo é difundir novos modelos pedagóxicos da danza, facilitar a investigación e a creación e dar oportunidades aos novos valores a través de accións que tendan pontes entre os artistas emerxentes e o mundo profesional.

Posta en marcha en 2001 da man da directora de PARTS e fundadora da compañía Rosas, Anne Teresa de Keersmaecker, DÉPARTS conta nesta nova etapa coa colaboración como coorganizadores de destacados espazos no ámbito da danza e da arte contemporánea de nove países europeos: ademais de Galicia, participan Alemaña (Hebbel am Ufer, de Berlín e PACT Zollverein/Choreographisches Zentrum NRW, de Essen), Bélxica (Kunstencentrum Vooruit, de Gante), Dinamarca (Koreografisk Center Archauz, de Arhus), Francia (CDC, Toulouse), Holanda (Springdance, de Utrecht), Hungría (Trafo, de Budapest), Portugal (Al Kantara e Forum Dança, de Lisboa) e Turquía (Bimeras, de Estambul).

200.000 € para o novo circo

A Comisión Europea aprobou tamén o apoio económico ao programa Jeunes Talents Cirque Europe por un importe total de 200.000 euros para o bienio 2009-2010. O Centro Dramático Galego é unha das cinco entidades asociadas a



Performance en Oostende

As dúas redes inciden no apoio aos artistas emerxentes e aos novos creadores

este programa que encabeza o centro francés Jeunes Talents Cirque, dedicado a promover e incentivar o traballo dos novos creadores deste xénero escénico.

Xunto con Cirko-Uden Sirkusken Keskus Ry de Finlandia, a Vlaamse Organisatie Voor Circuskunsten de Bélxica e o Crying Out Loud Lt. do Reino Unido, o CDG mailo Jeunes Talents Cirque traballarán no fornecemento da creación e da mobilidade dos xóvenes artistas, na difusión da arte circense e na promoción do diálogo intercultural. Entre as actividades previstas, destacan aquelas destinadas a favorecer a circulación das pezas de creadores emerxentes por toda Europa, así como presentacións públicas e outras iniciativas dirixidas especialmente á proxección do circo nos medios de comunicación.

QUE É?

DÉPARTS

En 2001, o centro PARTS (Performing Arts Research and Training Studios) de Bruxelas puxo en marcha a rede DÉPARTS co obxectivo inicial de colaborar con diferentes institucións europeas no apoio os seus alumnos, ben a través de bolsas de estudo, ben favorecendo o seu acceso ao ámbito profesional mediante residencias, asesoramento, presentacións e coproducións.

Progresivamente e grazas ao sostén financeiro logrado nas sucesivas edicións do Programa Cultura da Comisión Europa, a rede conseguiu estender a súa actividade a centros doutros once países, fixando tres liñas de traballo prioritarias: organizar programas de adestramento avanzado para futuros profesionais, facilitar o acceso de novos talentos da danza a formación de alto nivel e apoiar o traballo dos coreógrafos emerxentes.

+ info en www.parts.be

JEUNES TALENTS CIRQUE EUROPE

O proxecto Jeunes Talents Cirque (Xóvenes Talentos do Circo) comeza a súa andaina en 2005 como iniciativa da entidade francesa Scènes de Cirque, pero xa cunha clara vocación europea canto á procedencia tanto dos artistas e proxectos apoiados como dos profesionais encargados da súa selección.

Este ano, o programa dá un importante salto cualitativo e cuantitativo coa achega económica de UE e implicación directa de catro centros doutros tantos países no seu traballo a prol dos novos autores e creadores. A universalidade da linguaxe circense continúa sendo unha das súas principais premisas á hora de promover a mobilidade destes artistas.

+ info en www.jeunestalentscirque.org

ESCENA

O PÚBLICO VALORA OS ESPECTÁCULOS GALEGOS CUNHA NOTA MEDIA DE 8 PUNTOS SOBRE 10

A nota media que os espectadores conceden aos espectáculos escénicos producidos en Galicia é de 8 puntos sobre 10, segundo os datos que recolle a *Enquisa de satisfacción do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2009* promovida e publicada en formato dixital pola AGADIC.

Da análise das valoracións emitidas, extráese que as puntuacións máis elevadas recaen nas montaxes de monicreques e de danza, cunhas notas medias de 8,4 e 8,3 respectivamente, cifra que se sitúa en 7,9 para o teatro de actor. En todos os casos, rexístrase unha lixeira tendencia á alza con respecto aos anos anteriores, cunha media de 7,7 en 2008 e 7,9 en 2007 para o conxunto dos espectáculos analizados.

Asistencia á alza

Tamén a frecuencia de asistencia mantén proporcións similares ás de anos anteriores, sendo o teatro en galego

a opción prioritaria do público máis asiduo: un 55,6% dos enquisados asiste a espectáculos en galego máis de 6 veces ao ano, mentres que un 34% o fai para ver teatro en castelán; un 9,2%, monicreques e un 9,2%, danza.

Estas porcentaxes incrementáanse considerablemente se establecemos como asistencia frecuente aquela que se sitúa por riba das 2 veces ao ano. Partindo desta premisa, o 93,4% do público entrevistado acode con frecuencia a montaxes de teatro galego, rexistro que consolida os valores de 2008 (93,1%) e supón un notable aumento respecto a 2007 (86,2%).

A investigación baseouse nun total de 750 entrevistas telefónicas realizadas entre outubro de 2008 e xaneiro de 2009. Os enquisados foron contactados inicialmente a raíz da súa asistencia a funcións ofrecidas por 37 compañías galegas (30 de teatro de actor, 5 de monicreques e 2 de danza) nun total de 40 espazos adscritos á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

+ info en

www.agadic.info/documentacion



ESCENA

"ASSEMBLAGE" INAUGUROU A MOSTRA AO PÚBLICO DO RESULTADO CREATIVO DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS

Assemblage, de Laura Lizcano, é o primeiro proxecto do programa Artistas en Residencia da actual temporada que se amosou ao público, mediante unha sesión aberta realizada o pasado 30 de abril na nave industrial da AGADIC no polígono compostelán de Costa Vella.

Artistas en Residencia é un programa da AGADIC que, xestionado polo Centro Coreográfico Galego (CCG) e o Centro Dramático Galego (CDG), ten como finalidade apoiar artistas ou colectivos no desenvolvemento dun proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, escrita teatral, circo, danza e outras artes do movemento. Neste sentido, tanto o CCG como o CDG ofrécenlles aos creadores seleccionados recursos infraestruturais, técnicos e humanos para levar a cabo os seus traballos.

No caso de *Assemblage* –que conta tamén co apoio en residencia da Asociación Vo'Arte de Lisboa, Assas de Palco de Guimarães e o Centro Cultural Antonio Gala de La Rinconada (Sevilla)– colaboran artistas de diferentes áreas (danza, teatro, música, fotografía, iluminación...) coa intención de crear un espectáculo interdisciplinar. A partir dos conceptos de imaxe, palabra e imaxinación, propónse unha viaxe dende o ultraterreo –botando man de palabras de Calvino– até o imaxinario, procurando a evocación e a fantasía no espectador. Creada e interpretada por Laura Lizcano xunto a Uxía P. Vaello e Rafaela Salvador, a peza está dirixida por Guillermo Weickert e conta, ade-



Ensaio de *Assemblage*

mais, co traballo de Nuno Tavares na creación da imaxe e fotografía, de Paco Lamato na música, Alfonso Castro na iluminación e Bárbara Castromil no deseño de vestiario.

Outros 13 proxectos

A AGADIC seleccionou 14 proxectos, a meirande parte deles galegos, de entre o total de 167 que optaron este ano ao programa Artistas en Residencia. O resto de propostas e creadores que traballarán este ano no CCG e no CDG a través desta iniciativa son Guillem Mont de Palol coa obra titulada *Yo fui un hombre lobo adolescente*

inventando horrores, La Canalla C.B. con *PlayGround_textil'n progress*, Rut Balbis Calviño con *Tres*, Gena Romero Baamonde con *Corpo-Puta-Vaca-Berro*, Carolina Fernández Fraga con *Arquitecturas interiores*, David Loira García con *Macho*, María Mercé Pérez con *Re-Fiando*, Julien Vitecoq con *AÏE*, Estefanía García e Pablo Fidalgo con *Estudios completos*, Víctor Zambrana con *3*, Michel Groisman con *Jogos corporais*, Xavier Mariño Álvarez con *Identidades* e Borja Fernández Rodríguez con *Rewind*.

+ info en www.centrocoreografico.org e www.centrodramatico.org

A COMPAÑÍA QUIQUE PEÓN OFRECE ENSAIOS ABERTOS DE "OVAY", PEZA COPRODUCIDA CO CCG

Quique Peón ultima os detalles do espectáculo *Ovay*, unha coprodución co Centro Coreográfico Galego que se estreará o vindeiro 13 de xuño no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Como parte do proceso de produción, os próximos venres 8, 15, 22 e 29 de maio realizaranse ensaios abertos ao público na Fábrica de Oleiros (A Coruña), espazo no que se poderá ver un adianto desta peza, primeira creación da compañía Quique Peón.

Ovay toma como referencia os catro puntos cardinais para ir na procura do cerne da existencia, explorándoos e experimentándoos para amosar os sentimentos implícitos en cada un deles. A música – que conxuga instrumentos tradicionais e novas tecnoloxías– xoga un papel fundamental, adaptando a súa intensidade e significación segundo o requira a parte coreográfica e dramática. A peza está dirixida e interpretada por Quique Peón, que asina tamén a coreografía xunto a Erick



Quique Peón

Jiménez. Roberto Magro na dramaturxia, Baltasar Patiño no deseño de iluminación, Cloti Vaello no deseño de vestuario e Xosé Lois Romero na dirección musical (encargado tamén da música en directo xunto a Suso Vaamonde) conforman o equipo artístico de *Ovay*.

Inquedanzas creativas

Quique Peón centra a súa actividade profesional no ámbito da investigación etnográfica de Galicia, prestando especial atención á música e á danza tradicional. Froito deste traballo son os centos de melodías e danzas que ten recuperado na súa longa traxectoria como bailarín e profesor de baile e música tradicional galega en agrupacións como Xacarandaina, que dirixe dende 1981 e coa

UN TOTAL DE 114 PROFESIONAIS PARTICIPARON COMO ALUMNOS NO PROGRAMA DE FORMACIÓN

O Centro Coreográfico Galego rematou o seu programa de formación 2008-2009 dirixido a profesionais da danza e outras artes do movemento, dentro do que se organizaron 8 talleres nos que participaron 114 alumnos. A oferta, que se abriu o pasado mes de setembro cun curso de produción a cargo da xestora cultural Montserrat Prat, rematou a finais de abril cunha sesión de videodanza dirixida por Núria Font. Nestes talleres participaron tanto bailaríns e coreógrafos, como xestores culturais, actores e profesionais do circo e outras artes escénicas.

Oferta integrada e sistemática

A oferta formativa do CCG especialmente deseñada para profesionais da danza cubriu, dun xeito integrado e sistemático, a crecente demanda existente en Galicia cara este tipo de iniciativas. Dos talleres programados

que acadou importantes galardóns nacionais e internacionais. En 2007 entra en contacto co mundo da danza contemporánea como asistente coreográfico de Mercè de Rande no proxecto *A arándara*, apoiado polo CCG a través do programa Artistas en Residencia, e como intérprete

un foi de produción, outro de interpretación da videodanza, cinco de danza a cargo dos coreógrafos e bailaríns Gustavo Ramírez, David Zambrano, Peter Michael Dietz, André Braga e Claudia Faci; e un curso de técnica Graham dirixido por Esther Eirás.

O curso de produción que impartiu Montserrat Prat, profesora do Institut del Teatre de Barcelona, deu as claves de organización, produción e dirección dun proxecto artístico. O coreógrafo e bailarín alacantino Gustavo Ramírez abrangueu o labor técnico de base, a práctica de repertorio e a creación ou composición. David Zambrano e Peter Michael Dietz exercitaron nos seus cursos a relación do bailarín co chan. André Braga centrouse na exploración, improvisación e composición de movemento para acadar un método de desenvolvemento da creación artística. Esther Eirás introduciu as claves da técnica e repertorio Graham e Claudia Faci ofreceu aos alumnos ferramentas de traballo que lles permitiron participar da creación contemporánea.

na produción do CCG dirixida por Roberto Oliván *Kiosco das almas perdidas*. Na actualidade, Peón compaxina a súa faceta de investigador, intérprete e docente no eido tradicional coas súas inquedanzas creativas no ámbito da danza contemporánea.

PUBLICADOS 500 EXEMPLARES EN GALEGO DO NÚMERO 1 DE CORPO DE LETRA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) acaba de publicar e poñer en distribución a través de librarías e bibliotecas os 500 exemplares en galego do libro *O esgotamento da danza. Performance e a política do movemento*. *Performance e a política do movemento*, do antropólogo e dramaturgo de orixe brasileira André Lepecki. Trátase do primeiro número da colección *Corpo de letra: danza e pensamento*, un proxecto editorial coproducido coa Universidade de Alcalá (Madrid) e o Mercat de les Flors (Barcelona).

Profesor do Performance Studies Departament da Univesidade de Nova York, Lepecki ofrece neste título –que foi presentado xa en Madrid e Lisboa– unha revisión significativa e radical das nosas formas de pensar a danza, ao tempo que propón a necesi-

dade dun compromiso renovado entre os estudos de danza e as prácticas artísticas e filosóficas experimentais. Este traballo afonda, asemade, no estudo da obra de coreógrafos contemporáneos claves na transformación da danza dende os anos noventa até a actualidade. A tradución ao galego foi realizada por Moisés Rivadulla.

A serie, que constará dun total de 10 volumes con versións en galego, catalán e castelán, busca dotar de obras de referencia e propostas críticas inéditas a un sector artístico que na actualidade dispón de escaso material teórico para o seu estudo.

A adquisición en Galicia pode realizarse a través dunha rede de 13 librarías: Fnac, Couceiro e Nós, na Coruña; Follas Novas, Encontros e Couceiro, en Santiago; Andel do Libro, Casa do Libro e Cartabón en Vigo; Michelena, en Pontevedra; Trama, en Lugo; Torga, en Ourense; e Cantón 4, en Ferrol.



A DANZA VOLVE AO SALÓN TEATRO COA ÚLTIMA CREACIÓN DE SALVA SANCHIS

A compañía do coreógrafo catalán establecido en Bélxica Salva Sanchis ofrece no Salón Teatro de Santiago dúas funcións (sábado 9 de maio ás 20.30 e o domingo 10 ás 18.00 horas) da súa última creación, *Objects in mirror are closer than they appear*, que trata fundamentalmente da dicotomía entre a realidade e a aparencia. Utilizando a danza entre outras formas de expresión, a peza reflexiona sobre o feito de que as aparencias non só se referiren a unha realidade senón que se convarten na nosa realidade.

O espectáculo, creado e interpretado por Tarek Halaby, Peter Lenaerts, Salva Sanchis, Manon Santkin e Georgia Vardarou, inspírase nos avances recentes en neuroloxía cognitiva, especialmente nos estudos de experiencias extracorpóreas. Tamén no impacto na cultura popular dos famosos casos de montaxes e da crenza no contacto con extraterrestres e abducións alieníxenas. No canto de se limitar a ser un mero reflexo de todos estes temas, o espectáculo en si mesmo convértese nun obxecto que nos convida a reconsiderar a nosa percepción do mundo e o lugar que nel ocupamos.



Objects in mirror...

Salva Sanchis graduouse coa primeira xeración de PARTS en 1998. Desde entón coreografou a súa propia obra presentándoa en toda Europa. Xunto con Anne Teresa de Keersmaecker, coreografou tamén as obras *Desh* e *A Love Supreme*. Ademais, foi coreógrafo convidado na compañía Rosas e profesor de técnica de danza e improvisación en PARTS, así como en diversas escolas e compañías, en Bélxica e noutros países. Esta é a súa décimo quinta produción como coreógrafo.

+ info en: http://www.agadic.info/cdg/axenda/axendad.php?id_e=2038&lg=gal



Objects in mirror...

CDG E TEATRO DA OFICINA ESTREAN A COPRODUCCIÓN "DELIMVOIS"

O Salón Teatro acolle o sábado 23 e o domingo 24 a estrea de *Delimvois*, unha coprodución do Centro Dramático Galego (CDG) e o Teatro Oficina (Guimarães, Portugal) realizada a partir do texto escrito polo Premio Nacional de Literatura Dramática Rubén Ruibal.

Baixo a dirección de Marcos Barbosa e cun elenco portugués composto por Emílio Gomes, Ivo Bastos e Diana Sá, a montaxe conta a fuxida eterna de Francisco, António e Maria, seres que se describen libres fóra do tempo e dispostos a inventar un mundo novo. *Delimvois* é a muralla científica que protexe e rodea unha das cidades do Estado Único.

Ruibal escribiu o seu texto tendo en conta a obra de Jacobo Paz *Estado Único*, baseada á súa vez no *Nós* de Yevgueni Zamiatin. A peza quere explorar os límites mentais, os marcos ideolóxicos, as fronteiras de palabras e pensamento nas que dous homes coa memoria borrada e unha aparente muller, científica eminente que experimenta con eles, descubren a súa carne, a súa identidade e mesmo a súa ledicia.

A trama de *Delimvois* anda, pois, entre o místico e o táctil, entre o relixioso e o cabal, entre o político e o anecdótico, entre o amor e o odio.

+ info en http://www.agadic.info/cdg/axenda/axendad.php?id_e=2057&lg=gal



VIEIRA MENDES IMPARTE O ÚLTIMO OBRADOIRO DO CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA

O Centro de Creación Dramática Contemporánea do CDG acollerá os días 1, 2 e 3 de xuño un novo obradoiro de escrita teatral que porá o colofón ao curso *Pistas para unha dramaturxia da actualidade III*. Impartido por Vieira Mendes, un dos dramaturgos máis recoñecidos na actualidade en Portugal, esta actividade conta coa colaboración do Instituto Camões e terá lugar na biblioteca do Salón Teatro en horario de tarde.

O grupo de traballo estará formado por un máximo de 12 persoas seleccionadas por orde rigurosa de solicitude. Será gratuito e exclusivamente dirixido aos alumnos e alumnas inscritos ao longo das tres edicións dos obradoiros *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*.

Nado en Lisboa en 1976, Jose María Vieira Mendes escribe e traduce para o teatro. O seu traballo está vencellado aos Artistas Unidos. É, desde o ano 2008, membro da compañía de Teatro de Praga. Entre as súas obras destacan *Dois Homens*, *Morrer*, *Crime e Castigo*, *Lá Ao Fundo o Rio*, *Chão e T1*, algunhas das cales foron xa traducidas ao inglés, francés, italiano, español, polaco, noruegués, romanés, eslovaco, sueco e alemán. Realizou distintas producións en Alemaña, Suecia e Escocia.

FINALIZA A EXTENSIÓN COMPOSTELANA DO SINSAL COS CONCERTOS DE LARSEN & LITTLE ANNIE E C93:.

A extensión compostelana do Festival Sinsal pechará neste mes de maio cunha serie de tres concertos nos que participarán 8 músicos e vocalistas dos estilos internacionais máis vangardistas. Coas actuacións de Larsen e Little Annie, o día 14, e de dúas combinacións diferentes procedentes do colectivo Current-93 (C93:.), os días 16 e 17, clausúrase a programación musical inserida dentro do Sinsal Santiago, que nesta terceira edición presentou tamén en datas anteriores diante do público do Salón Teatro ao californiano Jeremy Jay e ao grupo británico Pram.

O recital do grupo turinés Larsen contará co engadido dunha voz amiga, a de Little Annie (tamén coñecida como Annie Anxiety), diva do *dub* e do cabaret post punk e colaboradora do grupo Coil ou do combo On-U Sound.



David Tibet

+ info en: http://www.agadic.info/cdg/axenda/axendad.php?id_e=2044&lg=gal

Pola súa banda, o folk apocalíptico de Current 93, a peculiar formación musical británica liderada por David Tibet, porá o colofón ao Festival Sinsal Extensión Salón Teatro cunha dobre carteleira de concertos especiais deseñados en exclusiva para Santiago. Na que será a súa segunda visita ao Estado español, desta vez conforme á *entente* C93:., este círculo aberto e libérrimo de músicos celebrará a edición de *Aleph at hallucinatory mountain*, o que se agarda como un dos seus traballos menos predicibles e máis potentes. Sobre o escenario estarán, ademais de Tibet, James Blackshaw (día 16), Andrew Liles (día 17), así como Baby Dee, Keith Wood e Alex Neilson; todos eles músicos singulares e virtuosos na reinvención da interpretación de estilos que van desde o acústico até o experimental.



Little Annie



Larsen



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

MÁIS DE 100 MÚSICOS OPTAN ÁS 30 PRAZAS COMO ALUMNOS ACTIVOS DA EAEM

Máis dun centenar de músicos novos, na súa meirande parte galegos, inscribíronse para optar a unha das 30 prazas de alumnos activos que oferta a Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) para a promoción 2009-2011 da súa Sección de Especialización. As probas para as 12 especialidades instrumentais que imparte o centro celebráranse do 18 ao 26 de maio na sede da propia Escola, no parque Vista Alegre, en Compostela. O 13 de maio exporáanse nos taboleiros de anuncios da AGADIC e da EAEM os horarios das probas para cada un dos instrumentos.

Os aspirantes que cumpran todos os requisitos documentais terán que superar as audicións, nas que serán avaliados por un tribunal composto polo director da Escola, o director da AGADIC (ou a persoa na que delegue), o xefe de estudos e como mínimo un membro do claustro para cada unha das especialidades: violín, viola, violonchelo, contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón e percusión.

Os alumnos seleccionados como activos dispoñen, durante os dous anos que abrangue o plan de estudos, dunha clase individual semanal, clases de música de cámara, clases de práctica de orquestra e clases teóricas relacionadas coas cuestións que se presentan na práctica profesional.

Pola súa banda, os candidatos que, reunindo os requirimentos para formar parte do alumnado da Escola, non acaden a puntuación necesaria para ser alumnos activos pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez dun ano. Todos os admitidos nas listas terán dereito á asistencia gratuíta ás clases maxistras e cursos que organice a EAEM.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2009. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo finalizou o 28 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ás industrias culturais 2009 (DOG nº 19 de 28 de xaneiro de 2009)	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro *
	D. Distribución D.1. Distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas galegas	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.	31 de outubro **
	D.2. Asistencia a feiras e mercados culturais	Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais con <i>stand</i> propio, da asociación de empresarios do sector ou da Consellaría de Cultura e Deporte.	31 de outubro ***
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2009 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego	Produtoras audiovisuais independentes.	15 de outubro
EAEM: cursos de trompa e fagot	A sede da Escola de Altos Estudos Musicais acollerá do 1 ao 5 de xuño dous cursos de trompa e fagot impartidos, respectivamente, polos mestres Eric Terwilliger e Gabor Meszaros.	Doce prazas de alumnos activos para estudantes de Grao Medio e Superior. Información sobre as inscricións: Escola de Altos Estudos Musicais Tel.: 981 571 170 / Correo-e: eaem@xunta.es	22 de maio
Premios á creación literaria no eido dramático (DOG nº 41, de 27 de febreiro de 2009)	XVIII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	2 de xuño
	IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
	VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques 2 modalidades: rapaces e adultos (Dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos inéditos para teatro de monicreques, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
I Certame Galego de Cómic sobre Teatro	A Asociación Cultural Entre Bambalinas, editora da Revista Galega de Teatro, convoca a primeira edición deste certame co obxectivo de contribuír á divulgación do teatro galego a través da banda deseñada. O premio está dotado con 1.000 euros e a publicación da obra gañadora.	Os/as autores/as poderán presentar cantas obras desexen, sempre que o tema estea baseado no texto “Doentes”, de Roberto Vidal Bolaño. A extensión será de 32 páxinas, a cor ou banco e negro e con formato DIN-A4 máis a portada en cor. As bases poden solicitarse no correo revistagalegateatro@hotmail.com.	3 de xullo

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
GzCrea 2009	Convócase a cuarta edición do certame nas especialidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, videoclips e deseño de xoias. Premios por especialidade: 1º premio: 3.000 € / 2º premio: 1.500 € / 3º premio: 1.000 €	Mozos e mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, de 16 a 30 anos de idade cumpridos en 2009. Máis información: www.gzcrea.com	5 de xuño

Outras convocatorias de interese:

- Axencia Audiovisual Galega: www.axenciaaudiovisualgalega.org
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena 2010: www.iberescena.org

- Fondo Iberoamericano de Axuda Ibermedia 2009: www.programaibermedia.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

O esgotamento da danza. Performance e a política do movemento

André Lepecki

Colección Corpo de Letra, nº 1
Edita: Centro Coreográfico Galego,
Mercat de les Flors de Barcelona
e Universidad de Alcalá
ISBN: 978-84-8138-819-0
PVP 19,90 euros

No primeiro volume desta colección, o antropólogo e dramaturgo de orixe brasileira André Lepecki, profesor do Performance Studies Departament da Universidade de Nova York, examina a obra de coreógrafos contemporáneos senlleiros que transformaron o panorama da danza desde principios dos noventa en Europa e Estados Unidos, ofrecendo ao tempo unha revisión significativa e radical das nosas formas de pensar a danza.



Hermance. Serenata romántica para banda

Reveriano Soutullo

Colección Ars Gallaeciae Musicae,
serie Ávrego, nº 5
Edita: AGADIC - Dos Acordes
ISMN: 979-0-801249-03-6
PVP: 18 euros

As partituras desta obra para banda, composta polo autor ponteareán a principios do século XX, acompañanse nesta edición dun disco compacto coas partes.




Preludios Galegos op. 28

Isidro Maiztegui

Colección Ars Gallaeciae Musicae,
serie Agra Vella, nº 23
Edita: AGADIC - Dos Acordes
ISMN: 979-0-801249-05-0
PVP: 18 euros

Composta en Madrid en 1957, esta peza de filiación neoclásica vértase arredor dun hábil manexo da liña melódica e da fluidez dos esquemas rítmicos empregados.



Seis poemas galegos de Federico García Lorca

Isidro Maiztegui

Colección Ars Gallaeciae Musicae,
serie Agra Vella, nº 24
Edita: AGADIC - Dos Acordes
ISMN: 979-0-801249-06-7
PVP: 20 euros

Maiztegui compuxo esta obra en 1994 na cidade arxentina de Mar del Plata (Arxentina) a partir dunha das derradeiras creacións de Federico García Lorca.



REXISTRO DE DATOS XANEIRO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Santiago	Noite de Reis	17	201,06	1.046,71 €
Pontevedra	A boa persoa de Sezuán	2	301,00	824,25 €
Ourense	A boa persoa de Sezuán	4	154,50	704,60 €
Ferrol	A boa persoa de Sezuán	2	377,00	359,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CDG	Noite de Reis	17	201,06	1.046,71 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarád Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
Noite de Reis (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
Valdemuller (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIONES	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
Noite de Reis (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
A boa persoa de Sezuán	8	1.974	46,42%	5.184,90 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arela das Artes	2	73	219,75 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	1	20	40,00 €
Branca Novoneyra	1	66	306,00 €
Búho y Maravillas	1	181	272,50 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea			
Ballet Jesús Quiroga	1	171	1.034,00 €
Elefante Elegante Teatro	5	276,4	493,70 €
Ensemble Vigo 430	1	27	81,00 €
Galitoon	4	266,5	437,50 €
Ghazafelhos	2	105	164,75 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	26	78,00 €
La Tirita de Teatro	2	64,5	160,00 €
Lambríaca Teatro	1	197	466,00 €
Mago Rafa	2	170	263,75 €
Mago Xacobe Sanz	1	87	184,00 €
Matarile Teatro	1	55	162,00 €
Miroscopio Perdicións	3	50,33	117,50 €
Nova Galega de Danza	2	233,5	1.316,00 €
Os Monicreques de Kukus	1	205	270,00 €
Os Quinquilláns	1	400	0,00 €
Pistacatro Productora de Soños	2	104,5	213,25 €
Sarabela Teatro	1	103	125,00 €
Talia Teatro	2	102	297,50 €
Teatro de Ningures	1	137	917,00 €
Teatro del Andamio	2	97	448,50 €
Teatro do Morcego	2	57	101,00 €
Teatro do Noroeste	1	125	662,00 €
Teatro Ensalle	2	61,5	340,00 €
The Pinga Teatro	1	218	288,00 €
Uroc Teatro	2	120,5	486,50 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña - IMCE	2	97	448,50 €
A Estrada	2	26,5	79,50 €
Ames	2	68	96,25 €
Arteixo	4	86,75	219,50 €
As Pontes de García Rodríguez	3	151	226,67 €
Betanzos	1	45	157,50 €
Boiro	1	42	70,00 €
Cambados	2	211,5	279,00 €
Carballo	1	87	184,00 €
Cedeira	1	72	132,00 €
Ferrol	1	55	162,00 €
Foz	2	166	257,50 €
Lugo	1	7	0,00 €
Monforte de Lemos	1	197	466,00 €
Muros	2	96	192,50 €
Narón	3	176	1.077,33 €
O Barco de Valdeorras	1	128	583,00 €
O Carballiño	1	197	482,50 €
Ourense - Auditorio	1	106	112,00 €
Pontevedra	7	317,43	623,64 €
Ribadeo	2	210	20,00 €
Sada	1	107	367,50 €
Santiago de Compostela	3	63	328,67 €
Vigo - Caixanova	1	137	917,00 €
Vilagarcía de Arousa	3	108,33	319,00 €

TOTAIS RGTA

(ATÉ XANEIRO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	27	44	63	49
Público	5.513	6.302	10.566	6.994
Ocupación	52,77%	38,84%	43,63%	36,66%
Facturado	10.590,00 €	17.380,56 €	31.670,38 €	17.478,50 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONES	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Sala Nasa (Santiago)	8	45,25	236,88 €
Sala Santart (Santiago)	3	21,33	96,67 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	1	55	220,00 €

TOTAIS RGS (ATÉ XANEIRO*)

	2008
Funcións	12
Público	481
Ocupación	76,63 %
Facturado	2.405 €

*Mes sen programación en anos anteriores

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Tuna Rastafari	1	75	325,00 €
Aid	1	30	150,00 €
Álvaro Muras	1	40	80,00 €
Anger	1	20	40,00 €
Baldosa Amarilla	1	142	327,00 €
Batusi	1	23	69,00 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	1	32	78,00 €
Bruno T. Ford	2	40	100,00 €
Bukowski Blues Trio?	1	41	205,00 €
Carlos Childe Troupe	1	30	100,00 €
Cooltrain Band	1	6	18,00 €
Creole Kings	1	17	85,00 €
Debuxos Reanimados	1	68	340,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	57	250,25 €
Elodio y Los Seres Queridos	1	22	110,00 €
Felix Arias	1	1	5,00 €
Franc3s	2	20,5	68,50 €
Guru Deva	1	63	189,00 €
Harry Navisson Band	2	35	84,00 €
Héctor Lorenzo	1	1	5,00 €
Holywater	4	119,75	503,75 €
José Luís Pardo & The Mojo Workers	2	47	187,00 €
Little Albert Boogie Band	1	39	148,00 €
Los Marcianos	1	48	144,00 €
Los Mecánicos	3	37	86,67 €
Lucía Martínez Cuarteto	1	50	276,00 €
Magín Blanco & Burgas Beat	1	78	156,00 €
Meu	2	74	256,00 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	1	29	145,00 €
Misquious	1	53	205,00 €

Moon Cresta	1	30	90,00 €
Mr. Whiz	1	22	66,00 €
Niño y Pistola	2	67	134,00 €
O Sonoro Maxín	2	78	281,50 €
Overlook	1	21	63,00 €
Pablo Bicho Quinteto	1	50	225,00 €
Phantom Club	1	127	485,00 €
Preachers Of Rock And Roll	1	26	92,00 €
Rockers Go To Hell	1	91	249,00 €
Samesugas	1	27	216,00 €
Samuel Leví	1	25	39,00 €
Sevigny	2	33	129,50 €
Sojazz	1	40	120,00 €
Swing Session Quintet	1	25	75,00 €
Swingpool	1	8	40,00 €
The Fishfuckers	1	31	62,00 €
The Sweat	1	40	80,00 €
Transilvanians	2	66,5	217,00 €€

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	1	38	60,00 €
Aturuxo (Bueu)	1	91	405,00 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	1	35	58,00 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	1	142	327,00 €
Café Concerto Antano (Outes)	1	40	80,00 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	1	78	156,00 €
Catro Camiños (A Rúa)	1	20	40,00 €
Clandestino (Nigrán)	1	22	66,00 €
Clavicémbalo (Lugo)	4	31,25	118,75 €
Contrabaja (Vigo)	2	44,5	212,00 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	1	60	150,00 €
Garufa (A Coruña)	4	64,75	197,00 €
Jazz Vides (A Coruña)	4	29	116,25 €
La Casa de Arriba (Vigo)	7	19,71	98,57 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	2	48	133,50 €
La Galeríajazz (Vigo)	1	30	150,00 €
La Iguana Club (Vigo)	5	96,8	419,00 €
Marrucho (Baiona)	2	28,5	57,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	1	40	80,00 €
Planeta (Sarria)	1	81	213,00 €
Pub d´Antón Rock Café (A Laracha)	2	40	111,00 €
Pub Gatos (Melide)	2	46,5	120,00 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	2	15,5	28,50 €
Sala Run Rum (Ferrol)	3	65	265,00 €
Sala 600 (Melide)	2	44	132,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	4	79,5	412,00 €
Salason (Cangas de Morrazo)	1	75	260,00 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	2	66,5	118,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	2	22	66,00 €

TOTAIS RGMV (ATÉ XANEIRO)

	2008	2009
CONCERTOS	60	65
PÚBLICO	3.588	3.211
OCUPACIÓN	42,56%	39,16%
FACTURADO	11.294,00 €	11.293,00 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info